



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 3 de abril de 2024, o alcalde D. Eduardo José Parga Veiga ditou a resolución núm. 157/2024 que se reproduce a continuación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DAS TAXAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS ANO 2024.

EXPEDIENTE: 2024/X999/000079

FEITOS

Examinado o padrón anual das persoas ou entidades obrigadas ao pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos a través das beirarrúas (Ordenanza Fiscal nº 11) correspondente ao exercicio 2024, elaborado polo Departamento de Recadación do Concello.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigos 62 e 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigos 24 e 68 do R.D. 939/2005, do 29 de xullo, regulamento xeral de recadación.
- Ordenanza Fiscal núm. 11 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos a través das beirarrúas.

Logo de ver o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do R.D.L. 781/1996, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aproba-lo padrón anual das persoas ou entidades obrigadas ó pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos a través das beirarrúas, correspondente ao ano 2024.
2. Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
3. Aprobar o prazo de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o día 30 de abril de 2024 ata o día 1 de xullo de 2024. O interesado coa carta de pagamento no seu poder, ben recibido por correo ou entregado no Concello no seu defecto, terá a opción de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

abonar estas débedas en calquera sucursal de ABANCA ou a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños. Transcorrido este prazo a débeda resultante derivada da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos a través das beirarrúas será esixida pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas de exacción que procedan.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

En Malpica de Bergantiños, 03/04/2024
O Alcalde
Asdo.: D. Eduardo José Parga Veiga